



Asociación Cultral "O CASTRO"

R/. O Carballo s/n - Baión
36614 Vilanova de Arousa (Pontevedra)
Tlf.: 646 359703 Fax: 986507845
Email: ocastro@ocastrobaion.es
Web: <http://www.ocastrobaion.es>

CIRCULAR 25/5/2011

VIAXE COÑECE A PROVINCIA

Acábanos de comunicar que, por problemas de organización da axencia encargada pola Deputación de esta actividade, alleo totalmente a esta Asociación, a excursión programada para o próximo 4 de xunio, **aprázase para o 8 de outubro**.

As persoas anotadas seguen inscritas nesta actividade, agás que nos manifesten o contrario.

FESTA VOZ NATURA

Como tódolos anos, dentro do programa de Medio Ambiente, a nosa Asociación vai participar nesta Festa en Culleredo (A Coruña). Nela poderán participar todos os socios/as que o desexen (rapaces, pais e maiores). Terá lugar **o 4 de xuño** e a **saída será ás 9:30 da mañá** dos lugares de costume.

Disfrutaremos de: xogos para os máis pequenos, inchables, exposicións, talleres de prensa, etc; así como de diversas demostracións dos corpos de Bombeiros, Salvamento e Socorrismo, Garda Civil... Hai bos espazos de herba onde poder xantar, aínda que tamén hai postos de churrasco e pulpo e incluso bares no entorno.

Pola tarde, aproveitaremos para visitar o fermoso Parque do Pasatempo en Betanzos, así como outros lugares de interese.

O **prezo é de 5 €**. Os rapaces e mozos que participan nas actividades viaxarán gratis. Polo tanto, se desexas participar, cubre o impreso e entregallo ao vocal de zona; **prazo ata o martes 31 de maio**.

XUNTANZA DE MAIORES EN O CARBALLIÑO

O sábado día **11 de xuño** terá lugar unha nova edición da XUNTANZA DE MAIORES en O Carballiño. A **saída é as 9:30 da mañá** das paradas de costume e o **custo da viaxe é de 3 €**.

Os interesados en participar na mesma deben cubrir o impreso que se adxunta en entregarllo o vocal de zona **antes do 31 de maio**.

SEGUE A VOLTA DA FOLLA →

PARTICIPANTES

1) VIAXE VOZ NATURA

2) XUNTANZA DE MAIORES EN O CARBALLIÑO

En vindeiros días, xa che informaremos máis polo miudo das seguintes actividades:

FESTA DO DEPORTE

O domingo 12 de xuño teremos a festa anual do deporte, pola mañá percorrерemos a nosa parroquia en bicicleta e pola tarde teremos os habituales campionatos de CHAVE, AROS, SACOS, CORDA e CARREIRA DE BURROS.

Os rapaces e mozos participantes na festa do deporte terán unha bonificación especial para o viaxe ao parque acuático.

VIAXE AO PARQUE ACUÁTICO DE CERCEDA

Será o 18 de Xuño, pasaremos o día en Cerceda, onde poderemos disfrutar do parque acuático así como do paseo fluvial que o rodea.

ALFOMBRAS FRORAIS

Rógase que participedes nesta actividade e que reservedes as frores, pois fan moita falta para engalanar e enaltecer a Festa do Santísimo.

ENCONTRO DE MAIORES

Está prevista para o 2 de xullo, haberá como sempre misa, entrega de agasallos, xantar, baile e diversas actuacións así como a Exposición de Manualidades.

CARNET DA ASOCIACIÓN CULTURAL O CASTRO

Algúns socios detectaron erros nos datos do seu carnet, polo que agradeceríamos a todos aqueles socios e socias que teñan erros (direccións incorrectas, datas de nacemento equivocadas, ...) lle comuniquen os datos correctos o seu vocal de zona, co fin de facilitarlle un novo carnet.

Así mesmo se algún socio/a non recibiu o seu carnet, solicítenllo o seu vocal e farémosllo chegar o antes posible.

A XUNTA DIRECTIVA